



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTE  
SECCIÓN DE DEPORTES

Expediente: PCO.001.2023.00708

Expediente relacionado:2024000000243

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN, REALIZACIÓN E CONTROL TÉCNICO DO “III CIRCUÍTO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

**ANTECEDENTES:**

Instrución do deputado de Deportes para o inicio dos trámites para a realización do “*III Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña*”.

Informe do técnico de deportes relativo á actividade.

Resolución da Presidencia 2024 /5075 do 12 de febreiro de 2024 , pola que se aproba as bases que rixen o “*III Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña*” e o seu orzamento, por importe total de 34.250,00 €

Consulta vinculante V0607, do 18 de febreiro de 2015, da subdirección Xeral de Impostos sobre o consumo, según a cal a Federación está exenta de IVE.

Certificado declarando a exclusividade da Federación Galega de Piragüismo para organizar en exclusiva as competicións federadas de piragüismo para a Comunidade de Galicia.

Informes dos servizos de Acción Social, Cultura e Deportes e de Fiscalización

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a realización dun contrato menor de servizos para a organización, coordinación, realización e control técnico do “*III Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña*”, coas seguintes prescricións técnicas:

**1.1.- Obrigas da entidade adxudicataria do contrato:**

1.1.1.- Organizar, coordinar, realizar o desenvolvemento das regatas que integran o “*III Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña*” de acordo coas bases, aprobadas por Resolución da Presidencia, que rixen o mesmo.

1.1.2.- Incluir as regatas que integran o circuíto no calendario oficial da Federación Galega de Piragüismo e presentar certificación do seu cumprimento.

1.1.3.- Solicitar con anterioridade á data da celebración da regata, a suspensión ou modificación acompañada da xustificación correspondente e proposta de nova data que deberá ser autorizada pola Deputación.

1.1.4.- Aprobar e actualizar o calendario oficial coa nova data. Remitir á Deputación no prazo máximo de 5 días dende su aprobación o novo calendario oficial da Federación Gallega de Piragüismo coas regatas do circuíto.

1.1.5.- Recibir os certificados de compromiso dos participantes no que se especifique: a aceptación das normas que regulan a competición e que non existe ningún impedimento deportivo ou legal para a súa participación na mesma.

1.1.6.- Verificar a idoneidade dos participantes.

1.1.7.- Xestionar os avisos, autorizacións e declaracións responsables necesarias perante as administracións pertinentes para a realización das probas do circuíto.

1.1.8.- Cumprir todos os requisitos de seguridade establecidos nas bases, aprobadas por Resolución da Presidencia, que rixen o mesmo e na normativa vixente, en cada unha de regatas que integran o circuíto, e emitir e presentar certificación do seu cumprimento.

1.1.9.- Publicar e actualizar de forma clara, visible e ordeada na páxina web da FGP toda a información relativa ao Circuíto. Por cada unha das regatas publicar a lista de clubs inscritos previa a realización da mesma, resultados de cada proba e clasificación provisional do circuíto, facilitando enlace á Deputación de Coruña.

1.1.10.- Difusión publicitaria: en cada unha das regatas que integran o Circuíto a Federación Gallega de Piragüismo, deberá facer constar a colaboración da Deputación, de acordo co seguinte e emitir e presentar certificación do seu cumprimento:

- Colocar 1 lona, de medidas mínimas 3 x 1m, , detrás do podium de cada competición co logotipo da Deputación Provincia e a lenda “Deputación da Coruña”.
- Colocar 2 fly banner o máis preto posible da saída da competición, cunha medida mínima de 2 metros onde figure o logotipo da Deputación Provincia e a lenda “Deputación da Coruña”
- Colocar dous elementos de publicidade estática, cunha medida de 1,50m x 0,5m, co logotipo da Deputación Provincial da Coruña e lenda “Deputación da Coruña”, na zona máis visible do campo de regata.
- Publicitar na páxina web da Federación Galega de Piragüismo cada unha das regatas, mediante o cartel oficial da regata, actas de clasificación , fotos da regata, fotos dos podium, e remitila á Deputación provincial da Coruña, para a publicación na súa páxina web.
- Tamén se publicarán os resultados nas diferentes redes sociais e de difusión escrita.
- Incluir na actividade calquer outro material publicitario que sexa facilitado pola Deputación, sendo a federación a encargada de montar e desmontar dito material suministrado pola Deputación

1.1.11.- Emitir certificación dos clubs participantes no que conste a clasificación final obtida no *“III Circuíto de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña”* e o importe do premio correspondente, coa finalidade de que a Deputación Provincial abone os premios a os ganadores do Circuíto.

1.1.12.- Entregar para o aboamento dos premios, a seguinte documentación:

- Autorizacións de todos os clubs premiados, para que a Federación Gallega de Piragüismo presente na Deputación Provincial da Coruña a documentación requerida para o aboamento do premio obtido (CIF, datos bancarios e autorizacións).
- Autorizacións de todos os clubs premiados, para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación nas que se acredite que o club está ao corrente nas súas obrigas.

- CIF dos clubs premiados(soamente no caso de non tela presentada na Deputación provincial da Coruña, ou de sufrir variación).
- Designación da conta cos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. [https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO\\_DESIGNACION\\_CUENTA\\_BANCARIA\\_GALEGO\\_1.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_GALEGO_1.pdf). (soamente no caso de non tela presentada na Deputación provincial da Coruña, ou de sufrir variación).
- Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido (e asinado electronicamente) pola entidade bancaria correspondente. Deberá conter, necesariamente:-a identificación da entidade bancaria-o código IBAN da conta bancaria-o código Swift ou BIC cando sexa necesario-os datos identificadores do titular da conta: NIF e nome/denominación social. (soamente no caso de non tela presentada na Deputación provincial da Coruña, ou de sufrir variación)
- Enderezo de correo electrónico de notificación.

## 1.2.- Obrigas da Deputación:

1.2.1.- Realizar a difusión da actividade.

1.2.2.- Seguimento da actividade.

1.2.3.- Aboar o importe do contrato.

**Segundo.-** Adxudicar o dito contrato á Federación Gallega de Piragüismo, CIF: G36040764.

**Terceiro.-** Aprobar o orzamento do contrato por importe de **12.450,00 €**, IVE exento, co seguinte desagregamento:

Concepto	Custo/ Proba	TOTAL
<b>a) Coordinación:</b>		
· Persoal administrativo: traballos e dietas	200,00 €	1.000,00 €
· Persoal montaxe zona de competición: traballos e dietas	100,00 €	500,00 €
· Combustibles, comidas persoal,....	140,00 €	700,00 €
<b>b) Elementos publicitarios:</b>		
· Compra de carteleira, lonas, arcos publicitarios,....	300,00 €	1.500,00 €
<b>c) Control técnico:</b>		
· Persoal arbitral: traballos e dietas	500,00 €	2.500,00 €
· Megafonía.	250,00 €	1.250,00 €
<b>d) Medios sanitarios: ambulancia.</b>	350,00 €	1.750,00 €
<b>e) Trofeos</b>	350,00 €	1.750,00 €
<b>f) Avituallamentos</b>	300,00 €	1.500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.490,00 €</b>	<b>12.450,00 €</b>

**Cuarto.-** Imputar o gasto á partida 0612/3411/22609, fase A, operación 220240008449, do vixente Orzamento.

**Quinto.-** Dispoñer que o prezo do contrato se abone nun único prazo logo da realización das regatas.

Para o cobro achegarase factura e a seguinte documentación para cada unha das regatas:

- \* Memoria da actividade realizada, asinada polo presidente da Federación.
- \* Certificación de ter cumprido as obrigas de publicidade.
- \* Certificación de ter cumprido os requisitos de seguridade esixidos na normativa vixente, en cada unha de regatas , que integran o *“III Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña”*.
- \* Certificación dos clubs participantes e da clasificación final obtida no circuito na que conste o importe do premio que será aboado pola Deputación Provincial.
- \* Documentación requirida para o pago dos premios, de acordo co apartado 1.1.12 das obrigas da entidade adxudicatia do contrato.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Trixésimo Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 as adxudicatarias terán a obriga de presentar as facturas no Rexistro Xeral da Deputación; nas devanditas facturas deberán incluír, ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os seguintes datos:

Destinatario

Deputación Provincial da Coruña  
CIF: P1500000C  
Código DIR3:L02000015

Órgano decisorio/xestor

Presidente da Deputación  
Código DIR3: LA0000671

Unidade contable

Servizo de Contabilidade  
Código DIR3: LA0000680

Unidade tramitadora

Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes  
Código DIR3: LA0010676

**Séxto.-** De acordo co procedemento de presentación de facturas que rexe actualmente na Deputación, e co obxecto de xestionar adecuadamente a tramitación e pago da factura derivada da presente contratación, o adxudicatario deberá presentala para o seu pago, nos rexistros correspondentes, en función da data en que se executou realmente a prestación obxecto do contrato, tal e como se indica:

1º.- Executada do 1 ao 31 (facturación que corresponda co mes natural): presentarase entre os días 1 e 16 do mes seguinte.

2º.- Executada ata o día 15 do mes en curso: presentarase con data límite o 16 do mes en curso, ou entre o 1 e 16 do mes seguinte.

3º.- Executada do 16 ao 31 do mes en curso: Presentaranse do 1 ao 16 do mes seguinte. Advírtese expresamente que todas as facturas que se presenten a partir do 17 de decembro, inclusive, serán devoltas ao emisor para a súa expedición no exercicio seguinte.

**Sétimo.-** O prazo de execución do contrato terá lugar dende a data da adxudicación do contrato ata o 31 de decembro de 2024.

As regatas que integran o “III Circuito de Piragüismo en augas tranquilas Deputación Provincial da Coruña” terán lugar nunha xornada con unha duración aproximada de 5 horas nos seguintes concellos e datas:

LUGAR	DATAS
Pontedeume	1 de maio de 2024
Betanzos	8 de xuño de 2024
A Coruña	7 de xullo de 2024
Boiro	4 de agosto de 2024
As Pontes	7 de setembro de 2024

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Deputación da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no artigo 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.